

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

NOVA NOVELA

Inma López Silva "non quere ser Doris Day"

A escritora compostelá presenta na colección Mandaio de [Biblos](#) Clube a novela *Non quer ser Doris Day*, finalista no VI Premio de Novela por Entregas de "La Voz de Galicia." Para dar a coñecer as aventuras da súa protagonista escolleu o ambiente pop do Tupperware Café, na rúa Frei Rosendo Salvado, este martes 19 ás oito da tarde. Acompañarana a escritora Rosa Aneiros e Tucho Calvo, editor de Biblos.

- 16:37 26/09/2006

Inma López Silva naceu o 3 de maio de 1978 en Santiago de Compostela, con raíces en Santiso e Melide. Estudou filoloxía galega e comezou a escribir moi nova, de feito, recibiu con 18 anos o Premio Rúa Nova por *Neve en abril*. Tamén foi Premio Xerais de Novela 2002 pola súa obra *Concubinas*. Actualmente é profesora universitaria.

Nesta comedia, a escritora Greta López, decide reinventar soa a súa vida logo dunha rupetura sentimental, e marcha a París para escribir a gran novela galega. Malia esas intencións case redentoras para a literatura, Greta sofre cun baleiro de inspiración tremendo, sen atopar outro xeito de encher os seus días que ir e vir nun París accidentado cheo de personaxes delirantes nos que dá cunha nova maneira de vivir. De por medio, o enredo, o misterio e, sobre todo, o gozo absoluto da vida en soidade e da liberdade total.